

TEMA 10. POLÍTICA DE BLOQUES E GUERRA FRÍA.

1. BIPOLARIZACIÓN E FOCOS DE TENSIÓN:

A pesar das múltiples conferencias entre os aliados para pactar a nova orde internacional en paz, a paz real nunca chegou a existir, xa que desde 1945 as desconfianzas entre os aliados van en aumento tendéndose a unha bipolarización en torno a dúas potencias (EEUU e URSS) que poñen todo o seu empeño en ampliar as novas áreas de influencia ideolóxica, política, económica e militar.

A. A FORMACIÓN DOS BLOQUES.

A formación de dous bloques (Socialista ou Leste – Capitalista ou Oeste) deriva da actitude intervencionista da URSS e dos EEUU, que rivalizan no empeño de estender ou impoñer a súa influencia sobre o maior número posible de Estados.

- **A formación do bloque capitalista** en torno ós EEUU arranca da decisión americana de impedir que a URSS estenda a súa influencia en Europa e Próximo- Medio Oriente. As claves que definen a posición americana son:
 - A **Doutrina de Truman** de 1947 (defensa do papel hexemónico dos EEUU como gardián das democracias fronte a expansión do modelo socialista da URSS).
 - O deseño e aplicación do **Plan Marshall** de 1948 (plan de axuda económica ós países europeos para a súa reconstrución, coas condicións de agruparse e ser feles ó sistema democrático e ó modelo capitalista. As condicións obrigaban ós países do Leste a cortar relacións coa URSS ou autoexcluirse das axudas); este plan Marshall buscaba fortalecer ós estados feles ós EEUU, para que impedisen as revoltas sociais e servisen de cordón sanitario ideolóxico fronte á URSS.
 - A creación da **OTAN** en 1949, co obxectivo de lograr un pacto militar entre os estados capitalistas para procurar o illamento estratéxico da URSS.
- **A formación do bloque socialista**, obedece inicialmente a obsesión de Stalín de lograr un bloque de países afíns ideolóxicos e economicamente no Leste de Europa para evitar que a URSS puidera ser illada. As claves que definen a posición da URSS son:
 - O empeño en crear democracias populares nos países do Leste europeo contra o pacto de eleccións libres (Conferencia de Ialta) ó crear en 1947 o **Kominform** para estender a revolución o resto dos países europeos.
 - O rexeitamento ó Plan Marshall por consideralo un intervencionismo descarado e discriminatorio dos EEUU o que responde a URSS coa imposición ás democracias populares do **COMECON**, (como pacto de axuda e colaboración económica mutua que beneficiaba os seus intereses).
 - A creación do **Pacto de Varsovia** como alianza militar de defensa do bloque socialista, como rexeitamento á entrada da República Federal de Alemaña na OTAN en 1955,

O ano clave que vai reaxustar a composición e poder militar dos bloques será 1949, posto que neste ano creouse a OTAN, tivo lugar a partición de Alemaña en dous estados (RFA/RDA), triunfou na China a revolución Maoísta e a URSS logrou fabricar a bomba atómica obtendo así o equilibrio nuclear con EEUU.

Entre os dous bloques xérase unha escalada armamentista que desemboca nun estado de tensión máxima ou guerra fría, para evolucionar cara unha coexistencia pacífica ou equilibrio do terror e acabar por desembocar nunha fase de distensión, que deriva nunha posterior redución de armamentos.

B. FASE DE TENSIÓN OU GUERRA FRÍA (1947-1958)

Este contexto de tensión entre bloques (Leste-Oeste), que chamamos Guerra Fría, caracterízase pola represión dos disidentes (anticapitalismo – anticomunismo), o chantaxe das axudas e pactos económicos, as ameazas constantes de desencadear unha guerra nuclear (concepto de DMA, destrución mutua asegurada). Pero en realidade a guerra fría vai quedar en propaganda e persecucións ideolóxicas e na participación de forma indirecta da URSS e EEUU en conflitos rexionais. As dúas potencias van buscar sempre ampliar o número de aliados para reforzar a súa área de influencia, inda que evitando un conflito frontal. A clave da Guerra Fría é manter un grao máximo de tensión controlada, inda que isto crispe as relacións internacionais e paralice o funcionamento da ONU: é “o equilibrio do terror”.

Exemplos concretos das tensións da Guerra Fría:

Entre os focos de tensión que puxeron en perigo a paz mundial cabe destacar:

- ***A Primeira Crise de Berlín ou “Bloqueo de Berlín”*** (1948/1949). Foi consecuencia dos contínuos desacordos entre as potencias que se repartiran a administración de Alemaña e Berlín en catro sectores (URSS, EEUU, GB, F): ó decidir EEUU, Gran Bretaña e Francia xuntar os tres sectores, coa idea de crear a República Federal de Alemaña separada da zona que administraba a URSS, esta respondeu decretando o bloqueo total de suministros á parte de Berlín que controlaban os tres aliados (Berlín estaba dentro do territorio baixo control soviético). Os aliados optan por manter a súa postura de partir Alemaña e van lograr abastecer Berlín Oeste cunha ponte aérea obrigando á URSS a crear a República Democrática Alemana e levantar o bloqueo ineficaz. Alemaña non volta a estar unificada ata 1989/90... No bloqueo de Berlín chegou a temerse por unha terceira Guerra Mundial.
- ***A Guerra de Corea*** (1950-53). En 1945 Corea quedará ocupada ó Norte polas tropas da URSS e o Sur polas dos EEUU en 1948 a URSS e os EEUU deciden crear dous estados separados polo paralelo 38 N (Corea do Norte, Corea do Sur) e retirar as súas tropas. En 1950 para impor a reunificación Corea do Norte invade Corea do Sur, mentras os EEUU, co apoio da ONU axudan a Corea do Sur, China, co apoio da URSS axuda a Corea do Norte. Os americanos chegan a preparar un bombardeo atómico, pero Truman acaba por preferir pactar a volta a división no paralelo 38 N.

En 1953 coa paz de Corea, co equilibrio nuclear e coa morte de Truman e Stalin inaugúrase unha nova etapa de relacións entre os bloques. A URSS e os EEUU van renunciar ós enfrontamentos directos aínda que van manter a carreira armamentista e buscan romper o equilibrio de forzas (adiantándose unhas veces á URSS: bomba de hidróxeno, satélite artificial; outras os EEUU: cohetes intercontinentais e viaxes espaciais). Comeza unha certa coexistencia na que vai aceptarse a non inxerencia nos asuntos internos de cada bloque (cada un resolverá os problemas cos seus aliados sen intervención do outro), manténdose a tensión de Guerra Fría só en conflitos locais derivados da descolonización en África ou Asia.

Exemplos concretos da suavización da Guerra Fría:

Entre os conflitos nos que se aprecia a renuncia ó enfrontamento directo de EEUU e a URSS cabe destacar:

- ***A invasión de Guatemala*** (1954). Os EEUU invaden este país para derrocar un goberno que consideran demasiado reformista, acusádoos de comunista por recortar privilexios ás empresas americanas: a URSS non interveñen.
- ***A crise de Budapest*** (1956). A URSS vese acosada polo descontento antisoviético na República Democrática Alemana, Polonia, Hungría e decídese por aplastar as revoltas de Hungría co exército soviético: os EEUU non interveñen.

Pero sobre todo apreciamos unha distensión clara na ***crise da Canle de Suez*** (1956). Desde o fin da Guerra a zona do Oriente Próximo e Norte de África ven sufrindo unha crecente crispación derivada

da creación arbitraria en 1948 do Estado de Israel e a resistencia a aceptar a descolonización de Gran Bretaña e Francia. Exipto encontrou en Nasser o líder capaz de consumir o proceso de descolonización e plantear a nacionalización da Canle de Suez, ó mesmo tempo apoiaba ós palestinos fronte a Israel e ós movementos de liberación anticolonial de Libia, Alxeria ou Marrocos). Nasser solicita créditos ós EEUU para armamento e para construír a presa de Assuan. Ante a negativa dos EEUU (por presión de Israel) Nasser busca o apoio da URSS e nacionaliza a canle de Suez: Gran Bretaña, Francia e Israel lanzan xuntos un ataque por sorpresa contra Exipto, que vai ser paralizado conxuntamente pola URSS e os EEUU.

2. A LINGUAXE DA DISTENSIÓN (1958-1975)

Superada a crise de Suez de 1956 suavízanse as tensións e iníciase unha fase de desxeo caracterizada polos contactos directos URSS (Krushev) – EEUU (J.F.Kennedy) na que ambos presidentes poñen o seu empeño en evitar unha hecatombe nuclear: apostando polo relaxamento da tensión ou distensión:

- Krushev poñía en marcha a desestalinización da URSS denunciando o totalitarismo de Stalin, permitía máis autonomía ós estados satélites, participaba na ONU e colaboraba nas conferencias de desarme.
- J.F.Kennedy centraba a súa preocupación en reforzar o estado do benestar, asegurar o control sobre Sudamérica e Europa Occidental.

Tanto Krushev como Kennedy defenderon a idea da coexistencia pacífica do bloque socialista e do bloque capitalista chegando incluso a plantearse a idea de retomar o tema da reunificación do Estado alemán.

Pero os logros da distensión tambaléanse ante certos conflitos:

- **A 2ª crise de Berlín / construción do muro** (1961): Un enfrontamento por un caso de espionaxe críspas as relacións (xa tensas pola contínua migración de xente do Leste ó Oeste), ata o punto de romper as negociacións sobre as condicións de paz con Alemaña e derivar na construción dun muro de separación de Berlín que só desaparecerá coa unificación de Alemaña en 1989/90.
- **A crise dos mísiles en Cuba** (1962): A revolución cubana de 1959 desestabiliza o Caribe, pero a tensión agrávase cando a presión dos EEUU (Invasión de Bahía Cochinos) sobre a revolución castrista leva a Fidel Castro a solicitar ós soviéticos a instalación de armamento nuclear en Cuba. Os EEUU bloquean a illa para impedir o paso dos barcos soviéticos ... ante o gran risco de guerra nuclear, Krushev e Kennedy acaban por pactar a retirada dos mísiles a cambio de comprometerse a non invadir directamente Cuba (permanece ata hoxe o bloqueo comercial dos EEUU a Cuba). A solución á crise dos mísiles foi unha aposta clara pola distensión (instalouse o teléfono vermello).
- **Guerra do Vietnam** (1964/75). O conflito de Vietnam ten a súa orixe no complicado proceso de descolonización de Indochina (en 1945, tras a retirada do exército xaponés, o vietnamita Ho Chi Min liderou un movemento de liberación para impedir a volta dos franceses. Ho Chi Min, co apoio da URSS e China, logra que Francia acepte primeiro a independencia de Vietnam do Norte ata o paralelo 17 N e despois, en 1954 (Vitoria de Diem Bien Phu), chega a conseguir que os franceses estean dispostos incluso a abandonar Vietnam permitindo a unificación de Norte a Sur) e no temor dos EEUU o avance acelerado do socialismo no espazo asiático (URSS –Corea do Norte – China – Vietnam do Norte). En 1954 os EEUU deciden impedir a unificación apoiando unha dictadura en Vietnam do sur antifrancesa e antisocialista: o estado de Vietnam do Norte decide prestar axuda ós que protestan en Vietnam do Sur, concretamente ó Frente de Liberación Nacional e ó grupo guerrilleiro Vietcom (estes loitan pola reunificación primeiro contra a dictadura e, desde 1964, contra a intervención directa dos EEUU). Os EEUU aplicaron no Vietnam unha táctica de destrución indiscriminada (Masacre de My Lai) que provocou o repudio dos vietnamitas do sur, dos europeos e dos propios estadounidenses. En 1975 os EEUU, presionados pola opinión pública internacional e polos propios fracasos bélicos, acabaron abandonando Vietnam e aceptando o triunfo dos partidarios da reunificación.

- **Guerras do Próximo Oriente.**- As tensións arrancan da **creación en 1948 do Estado de Israel** a costa dos Palestinos, e derivan en sucesivas guerras entre árabes e israelís:

Na 1ª guerra árabe-israelí de 1949 os árabes atacan Israel porque non recoñecen o novo estado, pero triunfan os israelís co apoio dos americanos e dos soviéticos.

Na 2ª guerra árabe-israelí (crise de Suez) de 1956 prodúcese unha derrota militar árabe, pero tamén un triunfo diplomático do presidente exipcio Nasser. Parte dos árabes entran na área de influencia soviética e EEUU incrementan o seu apoio a Israel.

Na 3ª guerra árabe-israelí, (Guerra dos 6 días) de 1967 o exército israelí derrota de forma humillante ós árabes e arrebatálles enormes territorios (Gaza e Cisjordania con Xerusalén ós palestinos, os Altos do Golán a Siria e o Sinaí a Exipto)

Na 4ª guerra árabe-israelí (guerra Jon Kippur) de 1973 os árabes atacan por sorpresa ós israelís e recorren a estratexia de ameazar con non vender petróleo a ningún estado que apoiase a Israel (desencadearon a crise económica de 1973), pero non logran recuperar grandes territorios: Exipto recupera o Sinaí a cambio de recoñecer o Estado de Israel nos acordos de Camp David. Mentres palestinos e sirios aínda hoxe non lograron a devolución dos seus territorios a pesar dos actuais acordos de paz.

Nos anos 80 e 90 as tensións no Próximo Oriente acaban por enfrontar ós propios árabes (guerra Irán –Irak, guerra do Golfo).

A partir da crise dos mísiles de Cuba podemos xa falar de que a distensión oríéntase hacia unha coexistencia pacífica, dada a conciencia que toma a URSS e os EEUU sobre que todo enfrontamento derivará nunha “destrución mutua asegurada”. Os dous bloques optan por plantexar o abandono da escalada armamentista (disuasión polo terror) e pactar plans de desarme xeral e completo (estes plans na realidade vanse quedar en acordos reducidos á limitación de armas estratéxicas: S.A.L.T. I e S.A.L.T. II).

Nos anos 70 a carreira armamentista acabou por acelerarse coa fabricación de mísiles intelixentes pero pronto, en 1975, a celebración da conferencia de Helsinki, sobre seguridade e cooperación en Europa, aparece xa como un claro exemplo de distensión ou coexistencia pacífica

Na década de 1980 reaparecen as reaccións antiarmamentistas de organizacións e líderes políticos que reclaman un esforzo para lograr un clima de paz real. A distensión definitiva entre Este e Oeste terá lugar en 1989/90 coa desmembración da URSS e a desaparición do bloque socialista. En poucos meses desapareceron 45 anos de bipolaridade dos bloques.